



MEDIDAS A APLICAR NAS EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS NOS CONCELLOS INCLUIDOS EN ZONA DE ESPECIAL VIXILANCIA (ZEV) EN RELACIÓN Á INFLUENZA AVIARIA

- Está **prohibida a presenza de aves de curral en centros de concentración** de animais (feiras, mercados gandeiros e similares).
- Os titulares de explotacións avícolas non comerciais deben **anotarse nun rexistro administrativo**, no que figurará:
 - Identificación do propietario e enderezo da explotación.
 - Número habitual de aves e especie ou especies á que pertencen.
 - Sistema de cría: pechado (se nunca saen ao exterior), aberto (están permanentemente no exterior ou mixto (as aves saen ao exterior e dormen no interior)).
- Calquera **sospeita de influenza aviaria nas aves da explotación deberá ser comunicada** aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural directamente ou a través do veterinario da explotación se o tiveran. Igualmente no caso de sospeita en aves silvestres detectadas na explotación.

Ademais, **recoméndase** tomar as seguintes medidas:

- Evitar criar parrulos, gansos ou ocas xunto con outras especies de aves de curral.
- Evitar que as aves domésticas entren en contacto directo con aves silvestres e especialmente con aves acuáticas e dentro delas coas anátidas.
- Protexer os comedeiros e bebedeiros evitando que accedan a eles as aves silvestres.
- Evitar darlle de beber ás aves de curral augas ás que puideran ter accedido aves silvestres.
- Protexer os depósitos de auga, impedindo que poidan acceder a ela as aves silvestres.
- Non soltar ás aves de curral nos terreos mais próximos á beira das charcas, encoros ou pequenos humedais onde haxa presenza de aves silvestres migratorias, especialmente se son anátidas.
- As persoas titulares e traballadoras de granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola non comercial evitarán realizar visitas a unha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade, (lavado de roupa, lavado de mans...) especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres migratorias.
- As persoas titulares ou traballadoras en explotacións e currais avícolas de calquera tipo, se realizan actividade cinexética de caza menor de aves, deben manter as citadas adecuadas medidas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinexética, procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.

Como información complementaria infórmase:

- As concentracións de outras aves distintas das de curral (aves ornamentais e similares) están permitidas pero poderán ser prohibidas pola Consellería do Medio rural, de acordo coa situación de risco en relación coa influenza aviaria.

